

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra informa a esta Dirección Xeral o seguinte:

1.- Que con data 7 de decembro de 1979 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común adoptou a resolución de clasificar como tal os nomeados "Montes Fontefría e Pedroso", pertencentes á comunidade integrada polos veciños da parroquia de Petan.

2.- Que con data 21 de decembro de 1995 e 11 de abril de 1997 a comunidade de Petan solicitou a transformación dos montes na parte da súa pertenza,

3025	"Fontefría e Pedroso"	275 has.
3026 2/3	"Fraga e Cruceiros de Fraga"	160 has.
3027 1/3	"Mouresco, Loureiro, Moscos e outros"	564 has.

en convenio, acompañando certificación do acordo adoptado en assemblea xeral extraordinaria do 19 de agosto de 1995.

3.- Que a superficie total consorciada e o ano de comezo das actuacións forestais foron:

a) Consorcio 3025, ano de actuación 1946, da Comunidade de Petan, 275 has.

b) Consorcio 3026, ano de actuacións 1946,

ACHAS.....	528 has. (1ª segregación 9/10/91)
PARADA DE AGRAS.....	12 has. (rescindido o 5/1/95)
PETAN.....	<u>160 has.</u>
	700 has.

c) Consorcio 3027, ano de actuacións 1946,

RIBADIL.....	101 has.
A CAÑIZA.....	37 has.
PETAN.....	<u>564 has.</u>
	702 has.

4.- Que os gastos por traballos mailos ingresos, segundo consta na conta de cada un dos consorcios foron:

a) Consorcio 3025 "Fontefría e Pedroso"

GASTOS por traballos.....	12.423.061.-ptas.
INGRESOS incluída a condonación débeda Lei 13/89.....	<u>8.138.639.-ptas.</u>
SALDO a favor da administración forestal.....	4.284.422.-ptas.

b) Consorcio 3026 2/3 "Fraga e Cruceiros de Fraga"

GASTOS.....	15.390.892.-ptas.
INGRESOS incluída a condonación débeda Lei 13/89.....	<u>2.175.918.-ptas.</u>
SALDO a favor da administración forestal.....	13.214.974.-ptas.

c) Consorcio 3027 "Mourescos, Loureiro, Moscoso e outros"

GASTOS.....	28.694.000.-ptas.
INGRESOS incluída a condonación débeda Lei 13/89.....	<u>14.128.288.-ptas.</u>
SALDO a favor da administración forestal.....	14.565.712.-ptas.

Á vista de todo isto, propoñemos a V.E.:

1º) Que se aprobe o convenio do monte das seguintes características:

Nome: "Fontefría e Pedroso"

Elenco: 3615666

Superficie: 999 has.

Pertenza: Comunidade de Petan

Termo Municipal: A Cañiza

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Xuro sobre o anticipo: 1%

Participación dos propietarios no voo creado: 70%

Participación da Consellería no voo creado: 30%

Saldo inicial: 32.065.108.-ptas.

2º) Que a consecuencia da 1ª segregación, no sucesivo as características do consorcio 3027 sexan:

Nome: "Mourescos, Loureiro, Moscoso e outros"

Elenco: 3027 2/3 e 2/4


Superficie: 138 has.

Pertenza: A Cañiza (37 has.) e Ribadil (101 has.)

Concello: A Cañiza

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 1998

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIS



Asdo.: Plácido Baamonde López



Vº E PRACE

O DIRECTOR XERAL DE MONTES E M.A.N.

Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas

Visto o expediente de transformación do Consorcio 3027 do Monte "Mourescos, Loureiro, Moscoso e outros" na parte correspondente á Comunidade de Petán (564 Has.), así como os expedientes de cancelación total, e como consecuencia, transformación dos consorcios 3025 do Monte "Fontefría e Pedroso" (275 Has.) e 3026 do Monte "Fraga e Cruceiros de Fraga (160 Has.) nun Convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e a Comunidade de Petán, propietaria do Monte Veciñal en Man Común "FONTEFRÍA E PEDROSO", integrado por 999 Has. e ubicado no termo municipal da Cañiza (Pontevedra) , e á vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra, esta Sección Xurídica entende que procede a rescisión total do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, ó artigo 57 do devandito Real Decreto, así como a Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago, 14 de decembro de 1998

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA

Asdo.: M^a José Tato Rocha.



ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola súa Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra,

RESOLVO

1º.- Aproba-lo Convenio do Monte das seguintes características:

Nome: "Fontefría e Pedroso"

Elenco: 3615666

Superficie: 999 Has.

Pertenza: Comunidade de Petán

Termo municipal: A Cañiza

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Xuro sobre o anticipo: 1%

Participación dos propietarios no voo creado: 70%

Participación da Consellería no voo creado: 30%

Saldo inicial: 32.065.108.-ptas.

2º.- Que, a consecuencia da 1ª segregación, no sucesivo as características do consorcio 3027, sexan:

Nome: "Mourescos, Loureiro, Moscoso e outros"

Elenco: 3027 2/3 e 2/4

Superficie: 138 Has.

Pertenza: A Cañiza (37 Has.) e Ribadil (101 Has.)

Concello: A Cañiza

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 1998

O CONSELLEIRO

(Orde do 12/01/98)

O SECRETARIO XERAL



Assdo. José Luis Aboal García-Tuñón

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL

C O N V E N I O

N.º	36	15666
-----	----	-------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

R E U N I D O S

Dunha banda, D., Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. ~~Ana María Riveiro Fernandez~~ como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común Petán, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279178, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69184, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 1946 para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de PETÁN.

e son os que a continuación se describen:

Denominación: Fontefría

Termo municipal: A CAÑIZA Provincia: PONTEVEDRA

Situación administrativa e legal Monte veciñal en Man Común

Límites:

N.: Termo municipal de Covelo

S.: mais monte de Petán e fincas particulares

L.: Montes de Achas

O.: Termo de Melón (Ourense) e fincas particulares

Superficie: 999 Has

Estado forestal: 215 Has de piner pinaster e 5 Has de pinus silvestres

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: ---

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:

220 Has

Sen vexetación arbórea: Servidumes: 705 Has

3ª.- O chan continuará pertencendo a comunidade integrada polos veciños da parroquia de Petán.

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o 50 por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante 50 por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do 1 por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualizar as contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta consideraranse anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: Elenco 3025 "Fontefria e Pedroso" (275 Has) elenco 3026 2/3 "Fraga e cruceiros de Fraga" (160 Has); e elenco 3027 1/3 "Montesco, Loureiro, Moscoso e outros" (564 Has)

6ª.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o 30 por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o 70 por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o --- por cento, e a comunidade propietaria, o --- por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.- En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.- o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Medio Ambiente, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.- A duración deste convenio será por un período de 30 anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se asigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalguna das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.- Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.- A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será Xénero pino

13ª.- O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá todas as cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don^a MARIA JOSE LEON GOMEZ, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común de Petán, concello de A Cañiza.

2.—Que, así mesmo, figura Don^a Ana Riveiro Fernández, e Don José Fidalgo Moure, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica o 19 de febreiro de 1999.

E para que conste, expido a presente certificación en Pontevedra, a 17 de setembro de 1999.



Don JOSE FIDALGO MOURE, Secretario de COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN DE PETAN

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 19 de agosto de 1995 estando designado Donña Ana María Riveiro Fernandez representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en cinco de decem-
bro a de Decembro de mil
novecentos noventa e sete.

Visto e prace,

O PRESIDENTE

O SECRETARIO,

Asdo.: Ana María Riveiro Fernández

Asdo.: José Fidalgo Moure

Don Tomás Fernández-Couto Juanas, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,



Asdo.: José Luis Aboal García - Tuñón